



INSTITUTO
GALEGO DE
ESTADÍSTICA



INFORME SOBRE OS INDICADORES DE ACTIVIDADE E DE VEB DO SECTOR SERVIZOS


Abril 2024

Santiago de Compostela, 21 de xuño de 2024

Instituto Galego de Estatística
Complejo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Indicador de actividade e de VEB do sector servizos. Base 2021. Abril 2024


- O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de abril en Galicia un incremento do 8,6% respecto ao mesmo mes do ano anterior, taxa superior en máis de 18 puntos á do mes de marzo. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 8,8%, taxa superior en 14,7 puntos á do mes anterior.
- En todas as comunidades autónomas aumenta a cifra de negocios no mes de abril.
- O persoal ocupado no sector servizos crece en Galicia un 2,3% e en España un 2,0% respecto ao mesmo mes do ano anterior.
- En todas as comunidades autónomas aumenta o persoal ocupado no mes de abril.



1. Cifra de negocios

1.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de abril en Galicia un incremento do 8,6% respecto ao mesmo mes do ano anterior, taxa superior en máis de 18 puntos á do mes de marzo. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 8,8%, taxa superior en 14,7 puntos á do mes anterior.



O *Comercio*, cun crecemento do 9,9%, achega 7,2 puntos á taxa de variación do índice xeral; os *Outros servizos* aumentan a súa facturación o 5,1%.

En España a facturación no *Comercio* crece o 9,0% e nos *Outros servizos* o 8,6%.

Nas actividades comerciais, o *Comercio por xunto* rexistra un incremento do 8,2%, co que achega 4,3 puntos a taxa de variación do índice xeral e a *Venta e reparación de vehículos de motor* crece o 42,8% sumando 2,0 puntos. A nivel nacional, a *Venta e reparación de vehículos de motor* crece o 25,2% e o *Comercio por xunto* o 8,0%.

Os *Outros servizos* incrementan a cifra de negocios en Galicia o 5,1%. Rexistran crecementsos *Transporte* (4,3%), *Información e comunicacións* (21,7%) e *Actividades profesionais, científicas e técnicas* (13,4%). O *Hostalería* rexistra a maior caída da facturación, -9,5%.

En España, os *Outros servizos* crecen o 8,6%. Todos os sectores rexistran taxas positivas. O maior incremento prodúcese nas *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (13,2%).

No acumulado do ano, a cifra de negocios aumenta un 1,8% en Galicia e un 2,6% en España. A *Venta e reparación de vehículos de motor* rexistra o maior incremento tanto en Galicia como

en España mentres que *Comercio por xunto* é o sector con maior caída, -2,4% en Galicia e -3,1% en España.

1.2 Índice de cifra de negocios ponderando por VEB

Utilizando como ponderación o VEB en lugar da cifra de negocios, o índice crece o 9,1% no mes de abril.


O sector con maior incremento é *Actividades profesionales, científicas e técnicas* (25,3%) mentres que a maior caída rexístrase no *Transporte* (-9,6%).

1.3 Datos corrixidos de calendario

O efecto calendario determina as diferenzas que se producen nunha variable pola diferente estrutura que teñen os meses (tanto en número de días como na composición de días laborables e festivos).

Se se elimina este efecto, o índice ponderado por cifra de negocios aumenta o 1,1% respecto ao mesmo mes do ano anterior e o índice ponderado por VEB o 6,4%.

O seguinte gráfico amosa a evolución do indicador de actividade do sector servizos corrixido de calendario segundo o método de ponderación.




1.4. Indicadores por comunidades autónomas

No mes de abril cifra de negocios aumenta en todas as comunidades autónomas respecto ao mesmo mes do ano anterior. La Rioja (17,2%) e Castilla-La Mancha (13,4%) son as comunidades con maior incremento da facturación.

Nos catro primeiros meses do ano, a cifra de negocios aumenta en quince comunidades autónomas. Os maiores incrementos rexístranse en La Rioja (13,2%) e Illes Balears (7,3%). Diminúe a facturación en Aragón (-1,7%) e País Vasco (-0,1%).

Índices de cifra de negocios. Marzo 2024

Taxa de variación en %




2. Persoal ocupado

2.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O persoal ocupado aumenta en Galicia un 2,3% respecto ao mes de abril de 2023, 0,3 puntos máis que en España (2,0%).

O persoal ocupado crece un 0,9% no *Comercio* e un 3,2% nos *Outros servizos*. O sector con maior incremento é a *Hostalería* (4,2%).

En España, o persoal ocupado aumenta un 2,0% tanto no *Comercio* como nos *Outros servizos*. O maior crecemento rexístrase nas *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (2,9%).



No que vai de ano, a ocupación aumenta un 2,3% en Galicia e un 2,1% en España. *Hostalería e Información e comunicacións* rexistran os maiores incrementos tanto en Galicia como en España.


2.2. Indicadores de ocupación por comunidades autónomas

Todas as comunidades autónomas incrementan o emprego no sector servizos no mes de abril con respecto ao mesmo mes do ano 2023. As taxas máis elevadas rexístranse en Murcia (3,5%) e Canarias (3,1%).

Nos catro primeiros meses do ano, todas as comunidades incrementan o persoal ocupado, rexistrando os maiores crecementos Murcia (3,2%) e Illes Balears (3,2%).

Índices de persoal ocupado. Abril 2024

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

Cifra de negocios: comprende os importes facturados pola empresa pola prestación de servizos e venta de bens que son obxecto do tráfico da empresa, incluídos os realizados por subcontratación. Contabilízanse incluíndo os impostos que gravan os bens e servizos coa excepción do IVE repercutido ao cliente.

Persoal ocupado: É o número total de persoas que traballan na empresa; inclúe o persoal remunerado, persoal que non percibe unha remuneración fixa ou salario (proprietarios que traballan na empresa e axudas familiares), persoal facilitado polas empresas de traballo temporal y traballadores autónomos dependentes con contrato non laboral.

Valor engadido bruto: Para cada unidade dedicada a unha actividade produtiva, é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. Valórase a prezos básicos, que son os prezos que os produtores reciben dos compradores restando calquera imposto que se pague e sumando calquera subvención que se reciba.

Os indicadores constrúense a partir dos microdatos dos Indicadores de actividade do sector servizos subministrados polo INE.

Os índices son provisionais polo que poden modificarse nos meses seguintes.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de cifra de negocios. Abril 2024

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	133,7	8,6	1,8
Comercio	136,1	9,9	1,1
Venta e reparación de vehículos de motor	148,8	42,8	24,5
Comercio por xunto	141,5	8,2	-2,4
Comercio ao retallo	116,7	5,4	4,7
Outros servizos	127,3	5,1	3,8
Transporte	138,7	4,3	-1,3
Hostalería	134,5	-9,5	4,6
Información e comunicacións	135,5	21,7	18,8
Actividades inmobiliarias	*	*	*
Actividades profesionais, científicas e técnicas	110,2	13,4	3,2
Actividades administrativas e servizos auxiliares	111,9	-0,8	3,6
España			
Xeral	125,1	8,8	2,6
Comercio	123,1	9,0	0,6
Venta e reparación de vehículos de motor	136,0	25,2	11,3
Comercio por xunto	121,6	8,0	-3,1
Comercio ao retallo	123,0	5,8	5,1
Outros servizos	128,6	8,6	6,2
Transporte	132,1	9,5	2,6
Hostalería	145,9	2,4	8,3
Información e comunicacións	118,0	7,9	6,4
Actividades inmobiliarias	121,8	2,1	2,0
Actividades profesionais, científicas e técnicas	122,8	12,3	8,6
Actividades administrativas e servizos auxiliares	149,8	13,2	9,0

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

Cadro 2.- Índices de cifra de negocios ponderada por VEB. Abril 2024

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	134,1	9,1	6,5
Comercio	134,6	14,3	6,6
Transporte	136,5	7,8	1,0
Hostalería	143,0	-9,6	3,9
Información e comunicacións	138,1	19,9	17,4
Actividades inmobiliarias	*	*	*
Actividades profesionais, científicas e técnicas	125,0	25,3	9,9
Actividades administrativas e servizos auxiliares	109,3	-2,3	3,6

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

Cadro 3. Índices de cifra de negocios por comunidades autónomas.
Abril 2024

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	125,1	8,8	2,6
Andalucía	133,9	12,0	5,6
Aragón	114,8	4,4	-1,7
Asturias	125,9	10,2	4,0
Baleares, Illes	131,4	6,1	7,3
Canarias	143,9	9,4	4,9
Cantabria	117,3	7,1	5,3
Castilla y León	118,1	8,2	2,7
Castilla-La Mancha	124,9	13,4	5,1
Cataluña	123,1	9,5	2,6
Comunitat Valenciana	123,5	10,1	5,0
Extremadura	117,6	7,1	3,4
GALICIA	133,7	8,6	1,8
Madrid	122,9	6,2	0,0
Murcia	123,5	11,2	2,1
Navarra	131,8	11,0	6,9
País Vasco	118,8	10,0	-0,1
Rioja, La	129,4	17,2	13,2

Fonte:INE

Cadro 4. Índices de persoal ocupado. Abril 2024

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	104,8	2,3	2,3
Comercio	102,3	0,9	0,7
Venta e reparación de vehículos de motor	99,1	2,7	1,4
Comercio por xunto	103,0	1,6	1,5
Comercio ao retallo	102,6	0,1	0,0
Outros servizos	106,4	3,2	2,7
Transporte	99,8	1,0	1,3
Hostalería	114,4	4,2	3,9
Información e comunicacións	111,8	4,1	5,0
Actividades inmobiliarias	*	*	*
Actividades profesionais, científicas e técnicas	107,7	3,1	2,6
Actividades administrativas e servizos auxiliares	103,1	4,0	2,1
España			
Xeral	107,2	2,0	2,1
Comercio	104,7	2,0	2,0
Venta e reparación de vehículos de motor	103,9	2,4	2,1
Comercio por xunto	105,2	2,1	1,8
Comercio ao retallo	104,4	1,8	2,0
Outros servizos	108,6	2,0	2,1
Transporte	107,2	1,3	1,9
Hostalería	115,8	1,9	2,6
Información e comunicacións	111,6	2,3	2,8
Actividades inmobiliarias	100,3	-0,8	-0,7
Actividades profesionais, científicas e técnicas	106,7	1,9	2,0
Actividades administrativas e servizos auxiliares	104,5	2,9	2,2

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

Cadro 5. Índices de persoal ocupado por comunidades autónomas.
Abril 2024

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	107,2	2,0	2,1
Andalucía	108,8	1,8	1,9
Aragón	102,5	1,8	2,3
Asturias	105,0	1,8	2,4
Baleares, Illes	115,2	1,2	3,2
Canarias	111,8	3,1	3,1
Cantabria	102,4	1,0	0,9
Castilla y León	102,3	0,9	1,2
Castilla-La Mancha	104,9	0,8	1,1
Cataluña	108,0	2,3	2,4
Comunitat Valenciana	104,4	1,8	1,8
Extremadura	105,0	0,6	0,9
GALICIA	104,8	2,3	1,9
Madrid	108,9	2,1	2,2
Murcia	107,2	3,5	3,2
Navarra	105,1	1,6	1,0
País Vasco	103,8	1,3	1,1
Rioja, La	104,4	2,0	2,7

Fon te : N E